



CIRCULAR INFORMATIVA 6/2018

1. MUTUALIDADE: ASESORAMENTO TÉCNICO O DÍA 05.04.2018

O vindeiro **5 de abril** un técnico da Mutualidade estará á disposición dos colexiados e colexiadas mutualistas nas dependencias da sede principal do Colexio para informar e prestar asesoramento, sobre todo, no referido ás súas prestacións.

Horario de atención: 9.30 a 14.00 h e 17.00 a 19.00 h

Lugar: sala de xuntas do ICA de Santiago (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo)

Co fin de organizar as consultas e evitar tempos de espera, é preciso que as persoas interesadas **soliciten unha cita previa** (reservaranse 20 minutos de atención por persoa). A solicitude de cita poderá realizarse por teléfono (981 581 713, Rebeca Coteló) **antes do vindeiro 4 de abril ás 14.00 h.**

2. CONVENIO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS: ADAPTACIÓN AO NOVO REGULAMENTO QUE ENTRARÁ EN VIGOR O 25.05.2018

O Colexio asinou un convenio de colaboración con Conversia Consulting Group, empresa especializada en consultoría, auditoría e formación en materia de protección de datos. A finalidade deste acordo é a de promover a adecuación dos despachos á nova normativa en materia de protección de datos de carácter persoal ante a **entrada en vigor o vindeiro 25 de maio do novo Regulamento xeral de protección de datos.**

A través do convenio asinado, Conversia Consulting Group ofrecerá descontos especiais a todos os colexiados interesados en adecuar o tratamento de datos de carácter persoal aos requisitos introducidos polo novo regulamento. Tal e como se recolle neste acordo, esta empresa realizará, de xeito totalmente gratuito, unha pre-auditoría para analizar e valorar o grao de cumprimento destas normativas de todos os colexiados que o soliciten.

Conversia Consulting Group é unha empresa especializada en materia de protección de datos, que ten como cometido guiar no adecuado cumprimento da normativa e permitir que os despachos poidan operar con garantías nun contorno cada vez máis regulado.

Os colexiados que se adhiran ao presente convenio **beneficiaránse dun desconto do 10 %** no prezo dos servizos prestados por esta empresa. Para recibir máis información ou realizar calquera consulta, poderase contactar directamente a través dos seguintes medios:

Tfno.: 981 887 753 (Joaquín Teijo)

Correo el.: joaquin.teijo@conversia.es.





CIRCULAR INFORMATIVA 6/2018

3. CURSOS DE CONTABILIDADE E PRÁCTICA LABORAL

O Instituto Empresarial de Contabilidade e Economía (IECE), en colaboración con este Colexio e coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, vai impartir os cursos “**Contabilidade e análise de balances**” e “**Xestión e práctica laboral**” (nóminas, seguros sociais e contratación laboral).

Os colexiados e colexiadas interesadas beneficiaranse dun **desconto de 90 euros** no prezo de matrícula. Para coñecer máis información sobre estes cursos, poderase asistir ao acto de presentación, que terá lugar o vindeiro **2 de abril, ás 20.15 h, no salón de actos da Cámara de Comercio** (rúa de San Pedro de Mezonzo, 44, baixo).

Achégase o programa dos cursos (PDF).